

Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua?

Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través do Servizo de Normalización Lingüística, queremos que formedes parte **do programa Apego**, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins o proxecto, **para axudarvos á socialización en galego**.

Podedes contactar con nós para inscribivos no proxecto Apego e así recibirdes **información sobre o programa**... e un agasallo de benvinda!



Máis información en:
www.coruna.gal/lingua e www.apego.gal

Servizo de Normalización Lingüística

Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña

☎ 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333

✉ lingua@coruna.gal
e inscricionslingua@coruna.gal

📘 facebook.com/normalizacioncoruna

📷 [lingua_corunha](https://instagram.com/lingua_corunha)

MARZO

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

MAIO

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



As actividades desenvolveranse na **aula 8 ou no auditorio do Centro Ágora**. Cada neno/a terá que vir acompañado/a por unha persoa adulta.

Máis info e inscricións
(só para a crianza) de balde en: coruna.gal/lingua



Na Coruña témoslle **apego** á lingua!

Programación
de marzo a maio
2026



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



Deputación
DA CORUÑA



Concello da Coruña

Contactade connosco
para vérmonos

3-6 ANOS

A voar

— DE CÉ ORQUESTRA PANTASMA

10 MARZO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 minutos)

Ao son do enerxético ritmo de Cé Orquestra Pantasma, A voar pretende axudarlles ás nenas e nenos a reivindicaren a confianza necesaria para satisfaceren as súas necesidades de liberdade, movemento e xogo libre, así pois, rapazada... a voar!!

Inscrición a partir do: **venres 6 de marzo, ás 10.00 h**

0-3 ANOS

Cantacontos para bebés

— DE PABLO DÍAZ

24 MARZO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 minutos)

Pablo Díaz fará unha viaxe a través dos contos coa música como fio condutor, tratando temas e rutinas adaptadas para as/os máis pequenas/os. Para conseguilo, axudarase de instrumentos como frautas, guitarra, harmónica e algún dos seus temas máis populares.

Inscrición a partir do: **venres 20 de marzo, ás 10.00 h**

0-3 ANOS

Carapuchiña Vermella e os 5 lobiños

— DE ÁNGELES GOÁS

17 MARZO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 minutos)

Narración oral e música onde a gran protagonista é unha Carapuchiña Vermella que vive unha aventura diferente. No seu camiño hai 5 lobiños pequerreños que caben na súa cesta. Narración de Ángeles Goás e música en directo de Cristina Castro.

Inscrición a partir do: **venres 13 de marzo, ás 10.00 h**

5-6 ANOS

Voa, voa!

— DE TALÍA TEATRO

31 MARZO

Auditorio
Dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 minutos)

Espectáculo para o público infantil pero para desfrutar en familia, para divulgar e lembrar a arte de xogar coas palabras. Relación de ditos populares, retroucos, xogos de man que perduraron xeración tras xeración e que se foron transmitindo de xeito oral.

Inscrición a partir do: **venres 27 de marzo, ás 10.00 h**

0-3 ANOS

Momento musical para bebés

— DE LYDIA BOTANA

7 ABRIL

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 minutos)

Sesión participativa para coñecer algúns instrumentos, sons, contos, movementos ou cancións con xesto. As familias achegaranse a distintos estímulos sonoros e aprenderán a cantar distintas cancións nesta experiencia musical compartida coas súas crianzas.

Inscrición a partir do: **venres 3 de abril ás 10.00 h**

0-3 ANOS

Fíos do querer

— DE CÉ ORQUESTRA PANTASMA

21 ABRIL

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 minutos)

Tecendo coas agullas máxicas dos aloumiños e as primeiras experiencias compartidas medrou Fíos do querer, envoltorio agarimoso para xogar e cantar coas crianzas de colo coa axuda de instrumentos tradicionais.

Inscrición a partir do: **venres 17 de abril ás 10.00 h**

4-6 ANOS

Contos debruxados, debruxos contados

— DE CAXOTO E MARC TAEGER

14 ABRIL

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (60 minutos)

Que pasa cando se xunta ilustración e palabra contada? Pois que xorde isto. O ilustrador Mark Taeger e o contador de contos Caxoto executan este man a man escénico cheo de personaxes inesquecibles, creatividade desbordada e moito divertimento.

Inscrición a partir do: **venres 10 de abril ás 10.00 h**

4-6 ANOS

Ler para crer

— DE JOSHUA KENNETH

28 ABRIL

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 minutos)

Espectáculo de ilusionismo participativo onde se trata de animar as familias e as crianzas a descubrir as marabillas e a maxia da lectura mediante a arte do imposible, unha das ferramentas educativas máis potentes.

Inscrición a partir do: **venres 24 de abril ás 10.00 h**

3-6 ANOS

Lingoreiteira!

— DE XAROPE TULÚ

5 MAIO

Auditorio
Dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 minutos)

Espectáculo de narración oral, música en directo e manipulación de monicreques. “Esa é unha lingoreiteira”, dicían. O que non sabían era que grazas a ela algunhas das historias que vos imos contar chegaron ata hoxe. Achegádevos que imos botar a lingua a pacer!

Inscrición a partir do: **venres 1 de maio ás 10.00 h**

1-3 ANOS

Leo e os números

— DE TRÉMOLA TEATRO

19 MAIO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 minutos)

Leo, o León máis curioso da selva, está aprendendo os números. Ten un barco, dúas cereixas, tres coches... un día desordenáronselle todas... pobre Leo! Xa non lembra a orde dos números! Será capaz, coa vosa axuda, de ordenar as súas dez cousas favoritas?

Inscrición a partir do: **venres 15 de maio ás 10.00 h**

3-6 ANOS

Pequena biografía de Begoña Caamaño

— DE POLO CORREO DO VENTO

12 MAIO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 minutos)

Homenaxe á escritora á que se lle dedica o Día das Letras Galegas. “É o momento non de cambiar as regras, senón de cambiar o xogo. De mudar o mundo, da xustiza, da igualdade, da liberdade e tamén da felicidade”.

Inscrición a partir do: **venres 8 de maio ás 10.00 h**

3-6 ANOS

Foliada con Apego

— DE PABLO DÍAZ E OLGA KIRK

26 MAIO

Dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 minutos)

Música e baile tradicional mesturado co xogo baseado nas cancións máis coñecidas por todas e todos (O galo, A vaca marela, O verdegaio...). As familias poden traer percusión miúda (axóuxeres, pandeiretas etc.) para amenizar a festa.

Inscrición a partir do: **venres 22 de maio ás 10.00 h**